



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE PARA OS TRABALLOS DE REDACCIÓN DE PROXECTO E XESTIÓN DE EXPEDIENTES DE EXPROPIACIÓN DO ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA CERDEDO - CAROI

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel M^a Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, Jorge Cubela López, na súa condición de Presidente da Comisión Xestora do Concello de Cerdedo-Cotobade, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e a Disposición Adicional do Decreto 134/2016, polo que se aproba a fusión voluntaria dos concellos de Cerdedo e Cotobade e se constitúe o municipio de Cerdedo-Cotobade.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. O Concello de Cerdedo-Cotobade conformouse pola fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade en virtude do Decreto 134/2016, polo que se aproba a fusión voluntaria dos concellos de Cerdedo e Cotobade e se constitúe o municipio de Cerdedo-Cotobade. A decisión de realizar esta fusión adoptouse por parte dos concellos, tal e como se recolle na exposición de motivos do Decreto, fundamentada en consideracións de orden xeográfico e económico e e na estimación por ambos concellos de que da alteración se derivarían importantes vantaxes en canto á prestación de servizos, así como a adquisición de novos e mais cuantiosos ingresos por parte doutras administracións públicas que dos que poidan adquirir por separado.

Segundo. Esta fusión tamén foi de interese para a Comunidade Autónoma, pola necesidade de promover unha renovación dunha estrutura administrativa a nivel de administración local b





baseada na realidade do século XIX, que é cando se conformou fundamentalmente o actual mapa de concellos de Galicia. Así o establece o artigo 13 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, coa redacción establecida polo artigo 59 da Lei 13/2015, de 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, determinando que a Xunta de Galicia establecerá medidas de fomento para as fusións de concellos, e expresamente recolle que a Administración Autonómica establecerá colaboracións económicas e técnicas cos concellos fusionados.

Terceiro. A rede viaria en Galicia é clave no artellamento e vertebración territorial, e con máis motivo en concellos como o de Cerdedo–Cotobade onde as estradas son o soporte físico de toda a mobilidade. Sen embargo, a día de hoxe os núcleos principais dos antigos concellos non contan cunha comunicación viaria axeitada, sendo necesario un rodeo de máis de 20 km pola N-541 e a PO-232 para poder ir desde Cerdedo a Carballedo, onde se sitúa a capitalidade do concello resultado da fusión. É, en consecuencia, imprescindible para lograr unha fusión real dos concellos, tamén no seu día a día, conformar un vial con características razoablemente boas para poder comunicar por estrada os puntos máis importantes dos antigos concellos. Isto é posible co acondicionamento de viais existentes de titularidade municipal, conformando unha nova vía de comunicación que una Cerdedo co núcleo de A Eirexe na parroquia de Caroi, onde a continuidade con Carballedo se logra continuando pola estrada provincial PO-2204.

Cuarto. Dada a singularidade, envergadura e natureza da actuación, está fóra das posibilidades do concello a súa execución sen a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia, e é de interese da Xunta de Galicia polo motivo exposto anteriormente de lograr unha división administrativa do territorio primando as fusións voluntarias de concellos.

Quinto. A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias unha rede eficaz, cómoda e segura, fomentando as relacións municipais e intermunicipais na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico. Polo tanto, tratase do órgano axeitado da Xunta de Galicia para responsabilizarse da colaboración técnica e financeira co concello de Cerdedo – Cotobade no desenvolvemento deste vial.

Sexto. O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, plan MOVE, contempla entre as súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.





Sétimo. A Axencia Galega de Infraestruturas, en colaboración co Concello de Cerdedo - Cotobade trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas como os sinalados anteriormente, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que aporte unha maior calidade de vida á cidadanía.

Estas actuacións, de interese para o concello de Cerdedo - Cotobade pola importancia dos viais sobre os que se actúa, e tamén para a Xunta de Galicia ao tratarse dunha prioridade as accións da Administración Autonómica en concellos fusionados.

Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Cerdedo - Cotobade que permitan deseñar o acondicionamento do vial de titularidade municipal que une Cerdedo con Caroi, o cal xunto coa estrada provincial PO-2204 conformará un eixo vertebrador do concello fusionado, acurtando e facilitando os desprazamentos entre as antigas cabeceiras municipais e polo tanto consolidando un funcionamento unificado do seu ámbito territorial para, posteriormente, noutra fase, proceder a executar as obras.

Para acadar este obxectivo, cómpre tramitar un Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións, é dicir, o instrumento urbanístico que permitirá o desenvolvemento do vial e outorgará a utilidade pública a efectos da obtención dos terreos necesarios, e definir en concreto o acondicionamento mediante a redacción dun proxecto de construción.

- O orzamento necesario para a redacción do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións estímase en CATORCE MIL CINCOCENTOS MIL EUROS (14.500,00 €).





- O orzamento necesario para a redacción do proxecto de construción e a xestión das expropiacións estímase en SETENTA E CINCO MIL EUROS (75.000,00 €).

Polo tanto, o orzamento necesario para a realización dos traballos obxecto do convenio é de OITENTA E NOVE MIL CINCOCENTOS MIL EUROS (89.500,00 €).

SEGUNDA. REQUISITOS

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión desta subvención directa que o Concello de Cerdedo - Cotobade cumprise co deber de remisión ao Consello de Contas da súa conta xeral.

TERCEIRA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE

O Concello de Cerdedo - Cotobade obrígase a:

1. Contratar a redacción do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións, e a do proxecto de construción, e realizar a tramitación que corresponde para aprobar os documentos.
2. Asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado na cláusula cuarta.
3. Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Xestionar todos os terreos necesarios, así como a reposición de servizos e servidumes afectados non incluídos no proxecto. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes ante os organismos que corresponda para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias.
5. Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade ante a Axencia Galega de Infraestruturas. Tamén se compromete a establecerlle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.
6. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
7. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras





administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

8. Comunicar á Axencia Galega de Infraestructuras a data de recepción dos contratos de servizo para os efectos de que esta envíe un representante se así o estima oportuno.
9. O concello deberá dar publicidade da actuación mediante a inclusión de forma expresa do financiamento da Xunta de Galicia (Consellería de Infraestructuras e Mobilidade – Axencia Galega de Infraestructuras) de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia no proxecto de construción. Asemade, a publicidade en calquera medio de comunicación que poida realizar o concello en relación a esta actuación deberá recoller este o financiamento. Por último deberá recoller unha breve descrición no seu sitio de Internet, no caso de que dispoña de un da operación subvencionada, destacando o financiamento da Xunta de Galicia.

CUARTA. COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AXI)

1. A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestructuras, asume o compromiso de financiar os gastos de redacción dos documentos obxecto deste convenio, destinando para iso ata un máximo de **OITENTA E NOVE MIL CINCOCESTOS EUROS (89.500,00 €)** con cargo a partida orzamentaria 08.A1.512B.760.0, código de proxecto 2019-00003, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestructuras, de acordo coa seguinte distribución:

ANO	Importe subvencionado(€)
2019	71.600,00
2020	17.900,00
TOTAL	89.500,00

Dado que se trata da tramitación anticipada dun expediente de gasto, de acordo coa normativa recollida na Orde de 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde 27 de novembro de 2000, e de 25 de outubro de 2001, queda condicionado o gasto que se proxecta, á existencia de crédito axeitado e suficiente no 2019.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo





que se aproba o Regulamento da citada Lei, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Segundo o establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos a conta, que responderán ao ritmo de execución da acción subvencionada. Estes pagamentos aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, ata un máximo do 80%.

O Concello de Cerdedo - Cotobade xustificará a subvención mediante a presentación da seguinte documentación:

1. Certificación da intervención ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
2. Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e praxe do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.
- Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acredor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.
- Os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.
- Mostra fotográfica da publicidade da subvención, segundo o establecido na cláusula terceira do convenio.





Serán subvencionables os gastos de execución dos contratos de servizo realizados durante os anos 2019 e 2020.

A data límite para a xustificación destes gastos é o 30 de novembro de cada ano.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da axuda efectivamente xustificada, calculada en función da porcentaxe subvencionada sobre o custo total da actividade.

De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións as entidades locais galegas, unha vez que se efectúen os libramentos por parte da Axencia Galega de Infraestruturas a favor do Concello de Cerdedo - Cotobade, este deberá acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de 60 días naturais contados a partir do ingreso na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida.

SEXTA.- SEGUIMIENTO E CONTROL.

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio poderase constituír unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestruturas e dun representante do Concello de Cerdedo - Cotobade.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula cuarta.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

SÉTIMA. - NATUREZA DO CONVENIO.

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.



OITAVA.- COMPATIBILIDADE.

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

NOVENA.- REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN.

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas para o concello nas cláusulas deste convenio.

En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes. Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto). A Axencia Galega de Infraestruturas publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial o importe da axuda concedida. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 544 564
Fax.: 981 544 543
infraestructuras.cim@xunta.gal



UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020 e financiará os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2019 nas condicións establecidas na cláusula quinta.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

A presidenta da Axencia Galega
de Infraestructuras

Ethel M^a Vázquez Mourelle

O Presidente da Comisión Xestora
do Concello de Cerdedo-Cotobade

Jorge Cubela López



Xacobeo 2021